



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA

DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Secretaría Xeral do Benestar

Dirección Xeral de Acción Social

CRITERIOS DE TRAMITACIÓN E RÉXIME DE COMPATIBILIDADE ENTRE SERVIZOS E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA EN GALICIA

(segundo o establecido pola Circular 15/2008, do 5 de xuño, da Secretaría Xeral do Benestar, pola que se ditan instrucións relativas á orde do 17 decembro, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia)

1. CRITERIOS DE TRAMITACIÓN:

A) ÁMBITO TERRITORIAL DOS SERVIZOS:

- **Residencia:** ámbito provincial, agás excepcións xustificadas.
- **Centro de día:** ámbito comarcal.

B) PROCEDEMENTOS DE DERIVACIÓN PARA O ACCESO DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA AOS EQUIPAMENTOS RESIDENCIAIS DE MAIORES:

- As persoas recoñecidas en situación de gran dependencia, e as persoas con dependencia severa de grao II, nivel 2, accederán ao servizo de atención residencial única e exclusivamente polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.



-
- En relación as persoas que están en lista de espera para acceso a centro residencial para maiores no procedemento de libre concorrència, informárase aos interesados (susceptibles de atoparse en eses graos), aos efectos da presentación da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do seu consentimento para o traslado dos mesmos á **unidade de coordinación de dependencia** para tramitar urxentemente a súa **valoración**.
 - As persoas en situación de dependencia recoñecida, cuxo dereito ás prestacións aínda non sexa efectivo á vista do calendario de implantación do sistema, (**grao II, nivel 1 e grao I**) que demanden como recurso idóneo o ingreso en centro residencial, o seu ingreso derivarase, previa información ao interesado, polo **sistema de libre concorrència** ao abeiro da normativa vixente .
 - No ingreso en centros residenciais de **persoas con autonomía funcional (válidas)** seguirase o **sistema de libre concorrència**, de conformidade coa normativa vixente .
 - As persoas que accedan ao servizo de atención residencial polo sistema de atención á dependencia terán prioridade no acceso ao mesmo respecto das persoas que accedan polo sistema de libre concorrència.

C) PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA LIBRANZA PARA A ADQUISICIÓN DE SERVIZOS:

- **Beneficiarios do cheque asistencial:** aquelas persoas recoñecidas en situación de dependencia que estean dentro do calendario de implantación do sistema (**grao III e grao II, nivel 2**), que teñan xa concedido o cheque asistencial, segundo contempla a Orde do 17 de decembro de 2007, procederase ao traslado do expediente do cheque asistencial ao **cheque-libranza para a adquisición de servizos**.

Non obstante, se o outorgamento do cheque-libranza lle prexudica economicamente ao usuario, **antes da resolución do PIA**, poderá optar por permanecer no programa do cheque asistencial ata que se modifique a Orde do 17 de decembro de 2007 para os efectos de regular un nivel adicional de protección que mellore as contías correspondentes ao cheque-libranza, de maneira que estas se equiparen ou superen ás correspondentes ao cheque asistencial.



-
- **Solicitantes do cheque asistencial:** naqueles supostos en que a persoa solicitante do cheque asistencial teña solicitado igualmente o recoñecemento da situación de dependencia e, á vista da súa valoración, **NON** se atope dentro do calendario de implantación do sistema (**grao II, nivel 1 e grao I**), os equipos de atención á dependencia provinciais comunicarán tal circunstancia á sección de persoas maiores co obxecto de que a solicitude de cheque asistencial se tramite polo **sistema de libre concorrencia** segundo o Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial, e **en función das dispoñibilidades orzamentarias tal e como dispón o seu art. 6.2.**

D) PROGRAMA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR:

Aquelas persoas recoñecidas en situación de dependencia que estean dentro do calendario de implantación do sistema (**grao III e grao II, nivel 2**), que sexan **beneficiarias do programa de acollemento familiar**, procederase á xestión do expediente para a concesión dun servizo ou prestación do catálogo, e se é o caso, procederase a baixa no programa do **acollemento familiar**.

Non obstante, se o outorgamento da libranza lle prexudica economicamente ao usuario, **antes da resolución do PIA**, poderá optar por permanecer no programa de **acollemento familiar** ata a súa baixa definitiva (todas as solicitudes novas seguirán a vía exposta no parágrafo anterior).

E) RELATIVO A LIBRANZA DO ASISTENTE PERSOAL:

- No suposto en que no PIA se determine unha dedicación horaria a tempo completo (160 horas ou máis), informarase á persoa usuaria das condicións da súa prestación por parte da FUNGA.
- Nos demais casos (dedicación media ou parcial), a libranza de asistencia persoal xestionarase polo particular.
- En tódolos casos o Asistente Persoal acreditará a realización dun período de formación a través da FUNGA.



F) CUESTIÓNS RELATIVAS Á FIGURA DO COIDADOR NON PROFESIONAL:

1. Ao abeiro do establecido no Real Decreto 615/2007, do 11 de maio, e demais normativa concordante, a condición de coidador non profesional será compatible coas seguintes situacións:
 - Desenvolvemento dun posto de traballo remunerado ou actividade profesional.
 - Percepción dunha prestación por desemprego, pensión de xubilación, de incapacidade permanente ou de viuvez.
2. O coidador non profesional poderá desenvolver as tarefas de coidados no contorno familiar respecto dun máximo de dúas persoas en situación de dependencia.
3. Igualmente, unha persoa en situación de dependencia poderá ser atendida no seu medio familiar por un máximo de dous coidadores non profesionais a tempo parcial.

2. RÉXIME DE COMPATIBILIDADES:

O réxime de compatibilidades para cada un dos servizos e prestacións será o establecido nos artigos 18 e 19 da Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia coas seguintes intensidades:

A) SERVIZOS:

1. O servizo de **TELEASISTENCIA** será compatible con todos os servizos e prestacións salvo co servizo de atención residencial.



2. O servizo de **AXUDA NO FOGAR** será compatible cos seguintes servizos:

2.1. Servizo de **teleasistencia**.

2.2. Servizo de **centro de día (CD)**:

2.2.1. Servizo de **axuda no fogar (SAF)** (dedicación de 45 a 90 horas) compatible con **CD**:

- 2.2.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **CD**.
- 2.2.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **CD**.
- 2.2.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **CD**.

2.2.2. **SAF** (dedicación de 45 ou menos horas) compatible con **CD**:

- 2.2.2.1. Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **CD**.
- 2.2.2.2. Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **CD**.
- 2.2.2.3. Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **CD**.

2.3. Servizo de **centro de noite (CN)**:

2.3.1. **SAF** (dedicación de 45 a 90 horas) compatible con **CN**:

- 2.3.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **CN**.
- 2.3.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **CN**.
- 2.3.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **CN**.

2.3.2. **SAF** (dedicación de 45 ou menos horas) compatible con **CN**:

- 2.3.2.1. Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **CN**.
- 2.3.2.2. Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **CN**.
- 2.3.2.3. Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **CN**.

3. O servizo de **CENTRO DE DÍA (CD)** será compatible cos seguintes servizos:

3.1. Servizo de **teleasistencia**.

3.2. Servizo de **axuda no fogar**.



3.2.1. **CD** (dedicación completa, 160 horas) compatible co **SAF**:

3.2.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **SAF**.

3.2.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **SAF**.

3.2.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **SAF**.

3.2.2. **CD** (dedicación media ou parcial, 80 ou menos horas) compatible con **SAF**:

3.2.2.1. Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **SAF**.

3.2.2.2. Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **SAF**.

3.2.2.3. Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **SAF**.

3.3. Servizo de centro de noite(**CN**):

3.3.1 **CD**(dedicación completa, 160 horas), compatible con **CN**:

3.3.1.1 Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **CN**.

3.3.1.2 Grao III, nivel 1: ata 25 horas mensuais de **CN**.

3.3.1.3 Grao II, nivel 2: ata 20 horas mensuais de **CN**.

3.3.2 **CD** (dedicación media ou parcial, 80 ou menos horas) compatible con **CN**:

3.3.2.1 Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **CN**.

3.3.2.2 Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **CN**.

3.3.2.3 Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **CN**.

3.4. Servizo de **atención residencial**, cando no servizo de centro de día se presten servizos de carácter específico que a persoa en situación de dependencia poida requirir, de conformidade co establecido no seu programa individual de atención.

4. O servizo de **CENTRO DE NOITE (CN)** é compatible cos seguintes servizos:

4.1. Servizo de **teleasistencia**.

4.2. Servizo de **axuda no fogar (SAF)**:

4.2.1. **CN** (dedicación completa, 160 horas) compatible con **SAF**:



4.2.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **SAF**.

4.2.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **SAF**.

4.2.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **SAF**.

4.2.2. **CN** (dedicación media ou parcial, 80 ou menos horas) compatible con **SAF**:

4.2.2.1. Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **SAF**.

4.2.2.2. Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **SAF**.

4.2.2.3. Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **SAF**.

4.3. Servizo de centro de día.

4.3.1 **CN** (dedicación completa, 160 horas) compatible con **CD**:

4.3.1.1 Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **CD**.

4.3.1.2 Grao III, nivel 1, ata 20 horas mensuais de **CD**.

4.3.1.3 Grao II, nivel 2, ata 15 horas mensuais de **CD**.

4.3.2 **CN** (dedicación media ou parcial, 80 ou menos horas) compatible con **CD**:

4.3.2.1 Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **CD**.

4.3.2.2 Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **CD**.

4.3.2.3 Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **CD**.

5. O servizo de **ATENCIÓN RESIDENCIAL** será compatible co servizo de **centro de día** (ou centro ocupacional) en que se presten servizos de carácter específico dos que non dispoña o centro residencial e que a persoa en situación de dependencia poida requirir, de conformidade co establecido no seu programa individual de atención.



B) PRESTACIÓNS ECONÓMICAS:

1. As prestacións económicas son incompatibles entre si, sen prexuízo das previsións contidas nos seguintes puntos.
2. A **LIBRANZA VINCULADA Á ADQUISICIÓN DUN SERVIZO** será compatible cos seguintes servizos e prestacións económicas:
 - 2.1. Servizo de **teleasistencia**.
 - 2.2. **Libranza de coidados no contorno familiar**, durante os períodos de respiro da persoa coidadora non profesional.
3. A **LIBRANZA DE COIDADOS NO CONTORNO FAMILIAR** será compatible cos seguintes servizos e prestacións económicas:
 - 3.1. Servizo de **teleasistencia**.
 - 3.2. Servizo de **axuda no fogar**, durante os períodos de respiro da persoa coidadora non profesional.

Os períodos de respiro da persoa coidadora poderanse computar, ao longo do ano, en horas de servizo de axuda no fogar, cun máximo de 50 horas/mes na seguinte proporción:

- 3.2.1. Libranza de **coidados no contorno familiar** (dedicación completa, 160 horas) compatible con **SAF**:
 - 3.2.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **SAF**.
 - 3.2.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **SAF**.
 - 3.2.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **SAF**.
- 3.2.2. Libranza de **coidados no contorno familiar** (dedicación media, 80 horas) compatible con **SAF**:
 - 3.2.2.1. Grao III, nivel 2: ata 50 horas mensuais de **SAF**.
 - 3.2.2.2. Grao III, nivel 1: ata 35 horas mensuais de **SAF**.



3.2.2.3. Grao II, nivel 2: ata 25 horas mensuais de **SAF**.

3.3. **Centro de día e de noite (CD/CN)**, durante os períodos de respiro da persoa coidadora non profesional.

Os períodos de respiro da persoa coidadora poderanse computar, ao longo do ano, en horas de servizo de centro de día e/ou de centro de noite, cun máximo de 80 horas/mes na seguinte proporción:

3.3.1. Libranza de **coidados no contorno familiar** (dedicación completa, 160 horas) compatible con **CD/CN**:

3.3.1.1. Grao III, nivel 2: ata 30 horas mensuais de **CD/CN**.

3.3.1.2. Grao III, nivel 1: ata 20 horas mensuais de **CD/CN**.

3.3.1.3. Grao II, nivel 2: ata 15 horas mensuais de **CD/CN**.

3.3.2. Libranza de **coidados no contorno familiar** (dedicación media, 80 horas) compatible con **CD/CN**:

3.3.2.1. Grao III, nivel 2: ata 80 horas mensuais de **CD/CN**.

3.3.2.2. Grao III, nivel 1: ata 70 horas mensuais de **CD/CN**.

3.3.2.3. Grao II, nivel 2: ata 60 horas mensuais de **CD/CN**.

3.4. Servizo de **atención residencial**, así como coa libranza vinculada á adquisición dun servizo desta última natureza, durante os períodos de respiro da persoa coidadora. Os períodos de respiro da persoa coidadora terán unha duración máxima de 45 días/ano.

4. A **LIBRANZA DE ASISTENCIA PERSOAL** é compatible cos seguintes servizos e prestacións económicas:

4.1. Servizo de **teleasistencia**.

4.2. Servizos de **axuda no fogar, centro de día, centro de noite e atención residencial**, durante os períodos de respiro da persoa asistente.